



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Novembro 2019

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2019

- O Índice de producción industrial (IPI) registrou en novembro de 2019 un avance do 4,2% con respecto a novembro de 2018, mentres que a nivel nacional rexistrouse un retroceso do 0,5%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo, equipo e intermedios creceron un 3,3%, 14,6% e 4,5% respectivamente. Pola contra, a enerxía decreceu un 4,7%.
- Por ramas de actividade a achega positiva mais destacable corresponde á “fabricación de vehículos de motor”, que sumou 2,6 puntos, seguida pola “fabricación de produtos metálicos” que suma 1,6 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan: a “producción de enerxía eléctrica” que resta 1,1 puntos, e a “fabricación de bebidas” xunto coa “fabricación doutro material de transporte” que restan, cada unha delas, 0,8 puntos á taxa interanual do índice xeral.

Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2019

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



	Índice	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	116,5	4,2	-4,5
Bens de consumo	115,7	3,3	5,6
Bens de equipo	118,4	14,6	5,0
Bens intermedios	124,8	4,5	-3,8
Enerxía	107,4	-4,7	-23,9

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de novembro de 2019 en Galicia rexistrou un avance do 4,2% en taxa interanual, mellorando en 8,4 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-4,2%). En España, rexistrouse un descenso do 0,5%, empeorando en 1,4 puntos a taxa acadada no mes anterior (0,9%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 3,3%, o que achega 0,8 puntos á taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 14,6%, o que suma 3,5 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** suben un 4,5%, cunha repercusión positiva de 1,2 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un -4,7% restando 1,2 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de outubro de 2019, por destino económico, os bens de consumo empeoran 5,3 puntos, os bens de equipo melloran 8,6 puntos, os bens intermedios melloran 2,4 puntos e a enerxía mellora 30,1 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de novembro foron a “fabricación de vehículos de motor”, que sumou 2,6 puntos, seguida pola “fabricación de produtos metálicos” que engade 1,6 puntos positivos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan: a “produción de enerxía eléctrica” que resta 1,1 puntos, e a “fabricación de bebidas” xunto coa “fabricación doutro material de transporte” que restan, cada unha delas, 0,8 puntos á taxa interanual do índice xeral.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de novembro moveuse entre o -11,1% de Asturias e o 24,9% de Navarra. Ademais da devandita, presentan


crecements interanuais inferiores á media estatal: Cantabria (-0,6%), Comunitat Valenciana (-1,0%), Aragón (-3,3%), Canarias (-3,4%), Andalucía (-4,8%) e Cataluña (-5,2%).

IPI novembro 2019 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Novembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	116,5	4,2	-4,5	--	--
Bens de consumo	115,7	3,3	5,6	0,8	1,3
Bens de equipo	118,4	14,6	5,0	3,5	1,2
Bens intermedios	124,8	4,5	-3,8	1,2	-1,1
Enerxía	107,4	-4,7	-23,9	-1,2	-6,0
España					
Xeral	108,5	-0,5	0,5	--	--
Bens de consumo	105,0	-1,5	1,5	-0,4	0,4
Bens de equipo	122,9	3,2	2,3	0,8	0,5
Bens intermedios	108,6	-2,0	-0,9	-0,6	-0,3
Enerxía	97,6	-1,2	-0,4	-0,2	-0,1

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Novembro 2019

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	4,2		-4,5		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	24,8	2,6	9,6	1,0	13,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	18,8	1,6	15,2	1,3	7,7
Confección de roupa de vestir	26,0	1,1	7,0	0,3	4,1
Outras industrias extractivas	110,3	1,0	37,2	0,3	1,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	21,3	0,7	-11,3	-0,4	4,1
Industria da alimentación	1,4	0,2	5,2	0,7	13,2
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	7,0	0,2	-5,0	-0,1	2,5
Outras industrias manufactureiras	26,4	0,1	11,3	0,1	0,5
Industria do papel	4,5	0,1	3,1	0,1	2,2
Fabricación de mobles	5,8	0,1	1,4	0,0	1,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	2,0	0,0	-14,5	-0,3	1,4
Industria química	-0,8	0,0	-5,5	-0,1	1,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-2,8	-0,1	-13,3	-0,7	5,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-6,6	-0,2	-10,0	-0,3	2,6
Industria téxtil	-25,2	-0,2	-1,4	0,0	0,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-9,4	-0,3	-8,5	-0,2	2,0
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-8,8	-0,4	-4,7	-0,2	3,6
Fabricación doutro material de transporte	-40,5	-0,8	-20,5	-0,5	2,0
Fabricación de bebidas	-23,6	-0,8	7,3	0,3	3,5
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-5,0	-1,1	-28,5	-5,6	22,3
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Novembro 2019

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	108,5	-0,5	0,5
Galicia	116,5	4,2	-4,5
Andalucía	98,0	-4,8	1,8
Aragón	110,6	-3,3	0,3
Asturias	102,9	-11,1	-3,9
Baleares (Illes)	82,1	0,6	-6,9
Canarias	96,8	-3,4	-2,2
Cantabria	113,1	-0,6	-1,4
Castilla - La Mancha	107,3	0,8	3,1
Castilla y León	103,1	1,2	-1,5
Cataluña	107,3	-5,2	-1,5
Comunitat Valenciana	107,8	-1,0	1,4
Extremadura	87,9	10,4	-2,6
Madrid	112,8	2,8	2,4
Murcia	112,6	0,3	8,0
Navarra	129,9	24,9	8,9
País Vasco	114,7	1,7	2,1
Rioja (La)	95,8	2,5	1,1

Fonte: INE